BASES PARA PARTICIPAR NO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA
RE-MÍRATE

Primeira.- Convocante e participantes

A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, convoca un concurso de fotografía comercial, levándose a cabo no Portal do Comerciante .

Poderá participar no concurso calquera persoa titular ou traballadora dun establecemento comercial na comunicade autónoma de Galicia ou calquera descendente directo destas.

Segunda.- Temática

O concurso ten unha categoría de temática comercial no que o participante deberá basearse no seu establecemento comercial. **Non se publicarán nin aceptarán arquivos con contidos contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe das persoas. En definitiva, non se aceptará ningún arquivo que sexa contrario á legalidade vixente.**

Terceira.- Obra

Poderán presentarse un máximo de tres fotografías por participante. Non se aceptarán fotografías realizadas por persoas distintas ao autor ou que non sexan propiedade do autor.

Non se aceptarán fotografías que fosen premiadas con anterioridade.

Cuarta.- Como Participar

As fotografías deben estar realizadas cunha cámara dixital e deben respectar os seguintes requisitos:

- As fotografías deben estar en formato de arquivo jpeg con resolución adecuada e suficiente para unha calidade axeitada.
- O peso do arquivo non debe pasar dun máximo de tres Megabytes (Mb).
- A fotografía deberá ter un encadre horizontal para darlle publicidade no Portal do Comerciante.

Os participantes que non cumpran con calquera dos requisitos indicados nesta convocatoria serán descualificados automaticamente.

I. **Identificación e envío**

Para concursar cómpre que enviedes as fotografías do seguinte xeito:

a) Subindo as fotografías no taboleiro da páxina de Facebook de Redic, www.facebook.com/portaldocomerciante

b) Facéndonos chegar as fotografías vía electrónica a través do correo fotosportaldocomerciante.cei@xunta.es para a súa posterior publicación en Facebook.

En ambos casos deberán achegarse os seguintes datos de carácter persoal ao enderezo electrónico fotosportaldocomerciante.cei@xunta.es :

- Nome e apelidos do concursante / Establecemento comercial
- Relación co establecemento comercial (propietario, empregado, descendente)
- NIF ou NIE
- Dirección de correo electrónico de contacto
- Teléfono de contacto
- Título da imaxe

II. Exposición das imaxes e proceso de selección

As imaxes estarán expostas durante o prazo dun mes dende que se abra o prazo de presentación de fotografías ao concurso.

Descartaranse só aquelas fotos que non reúnan un mínimo imprescindible de calidade ou que puidesen resultar de mal gusto ou ofensivas para os protagonistas da imaxe.

As imaxes poderanse consultar na Galería Fotográfica do Concurso e poderán ser valoradas libremente polos visitantes da Web do Concurso.

O participante acepta que a súa fotografía sexa visible no *website* oficial do Portal do Comerciante, así como nas súas canles sociais de comunicación (Facebook, Twitter e Flickr).

As fotografías gañadoras serán aquelas que acaden unha maior puntuación ata un máximo de dez puntos conseguidos mediante o cómputo total de Me Gustas recibidos en Facebook xunto coa valoración por parte dun xurado de expertos. En todo caso, a valoración final, corresponderá nun 50% por parte dos fans e noutro 50% por parte deste xurado.

O procedemento de cómputo de puntuacións por parte dos seareiros farase tendo en conta a puntuación máis elevada outorgándolle un máximo de cinco puntos. Posteriormente, asinaráselle a cada fotografía unha puntuación menor en proporción á puntuación máxima, seguindo a seguinte fórmula:

$$x = \frac{Número\ de\ apoios\ \cdot 5}{Número\ \boldsymbol{máximo}\ de\ apoios}$$

As puntuacións reduciranse a dous decimais.

Os criterios de avaliación por parte do xurado serán a creatividade, a calidade e a composición fotográfica.

O xurado resérvase o dereito de voto de calidade, naqueles casos nos que haxa empate.

Excepcionalmente, e só nos casos de gran calidade artística e fotográfica, o xurado resérvase o dereito a outorgar unha mención especial.

III. Data de admisión

A data de recepción de fotografías finalizará o 11 de decembro de 2011.

Quinta.- Resolución de gañadores

O fallo realizarase o 16 de decembro de 2011. Se non se tivesen presentado obras con calidade abondo, o concurso podería declararse deserto.

Sexta.- Premios

Haberá un máximo de catro gañadores que obterán o recoñecemento do seu labor artístico e técnico coa publicación e difusión das súas fotografías no Portal do Comerciante, na páxina inicial do web, co dereito a unha pequena mención ao establecemento comercial, así como tamén ao autor da fotografía. Farase entrega de diploma acreditativo do premio acadado.

Das catro fotografías gañadoras, a DXC reservarase o dereito de publicalas ou reproducilas, por si ou por terceiros, sen limitación de tempo nin de lugar, citando en todo caso o nome do autor.

Haberá tres premiados e un finalista co seguinte recoñecemento:

1. O primeiro gañador terá a súa fotografía publicada no Portal do Comerciante durante o período de 12 meses.
2. O segundo gañador: durante 9 meses.
3. O terceiro gañador: durante 6 meses
4. O finalista, terá dereito á publicación da fotografía durante o período de tres meses.

Por outra banda, os catro gañadores recibirán o asesoramento e servizo de *visual merchandising* para o seu establecemento comercial por parte dun profesional nesta materia, co obxecto de mellorar a imaxe do seu propio negocio.

Sétima.- Xestión da entrega do premio.

Unha vez verificado que os premiados cumpren os requisitos establecidos nestas bases, a Dirección Xeral de Comercio comunicará a través do Portal do Comerciante (http://portaldocomerciante.xunta.es) e das redes sociais vinculadas a este (Facebook, Flickr e Twitter) listado de Premiados.

Oitava.- Autorizacións.

A participación neste concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e os seguintes consentimentos:

Autorizar á Dirección Xeral de Comercio a utilizar os datos achegados e tratalos coa finalidade de publicitar o resultado da promoción, empregando o seu nome e imaxe, sen que dito uso lle confira dereito de remuneración ou beneficio ningún.

Aceptar ser o único titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía que presenta ao Concurso e se responsabiliza totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2011.